



Concello de Lugo

m  
Refª: acta delineante  
Asunto:

## ANUNCIO

### PROBAS SELECTIVAS PARA A PROVISIÓN, MEDIANTE OPOSICIÓN E ENQUENDA LIBRE, DE 3 PRAZAS DE DELINEANTES VACANTES NO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO. CORRECCION DO PRIMEIRO EXERCICIO E CONTESTACION DE ALEGACIONES.

**OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO:** 2008

**DENOMINACIÓN DAS PRAZAS:** Delineante

**NÚMERO DE PRAZAS:** Tres.

**QUENDA:** Libre

**CONVOCATORIA:** Decreto número 13002886, do vinte e seis de marzo de dous mil trece, do Libro de resolucións, ditado polo Excmo. Sr. Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

BOP número 082, do 10 de abril de 2013.

DOG número 088, do 8 de maio de 2013.

BOE número 109, do 7 de maio de 2013.

**O tribunal na sesión celebrada o 14 de abril de 2014 as 9:30 rocedeu á corrección do primeiro exercicio e contestación de alegacións.**

O tribunal analizou dúas alegacións.

A primeira, presentada con data de rexistro de entrada do 26 de marzo de 2014. Vista esta, o tribunal considera que este é soberano e independente para interpretar as bases dunha forma razoable, e considerou oportuno poñer 3 preguntas de reserva coa única finalidade de favorecer a realización e corrección deste primeiro exercicio, garantíndose deste modo a corrección de 20 preguntas e non prexudicando con esta medida a ningún opositor. É máis, a non impugnación de ningunha pregunta provoca que non se utilice ningunha das establecidas como reserva.

A segunda das alegacións presentada con data de entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia o 3 de abril de 2014. O tribunal que deixar clara que a presentación é extemporánea xa que na acta do 24 de marzo de 2014 se decidiu que *"Así mesmo, acórdase polos membros do Tribunal publicar na páxina web o cuestionario corrixido así como a plantilla e outorgar un prazo de tres días hábiles a contar desde o día seguinte desta publicación para presentar as reclamacións que os opositores estimen oportunas en relación co cuestionario e plantilla publicadas"*. Finalizando este prazo o de 28 marzo. Sen querer entrar, por este motivo, no fondo do asunto, e reafirmando o dito anteriormente, o tribunal considera que este é soberano e independente para interpretar as bases dunha forma razoable, e considerou oportuno poñer 3 preguntas de reserva coa Única finalidade de favorecer a realización e corrección deste primeiro exercicio, garantíndose deste modo a corrección de 20 preguntas e non prexudicando con esta medida a ningún



opositor. É máis, a non impugnación de ningunha pregunta provoca que non se utilice ningunha das establecidas como reserva.

En todo caso os alegantes serán notificados individualmente.

Finalizada a contestación das alegacións, procedeuse á corrección do primeiro exercicio cos resultados seguintes:

BARGUEIRAS VÁZQUEZ, CARLOS	8,334
LÓPEZ FERNÁNDEZ, MARCOS	6,334
QUIJADA LÓPEZ, SUSANA	5,338
RAMOS MENDO, VÍCTOR JOSÉ	5,170
SÁNCHEZ VILA, JOSÉ LUIS	5,670
SÁNCHEZ VALIÑO, IVÁN	7,334
SILVA NÚÑEZ, MAYTER	5,000

Declarando NON APTOS/AS os/as restantes aspirantes que compareceron na realización do primeiro exercicio, por non ter acadada unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. A lista completa, coas puntuacións de todas as persoas aspirantes, figura nas actas das sesións, e está dispoñible no despacho do secretario para a consulta das persoas aspirantes interesadas, tanto no relativo ás puntuacións, como a calquera outro aspecto relacionado con este proceso selectivo. Non se dá publicidade ás mesmas, para protexer a privacidade das persoas aspirantes, por ser publicado este anuncio no Taboleiro de Anuncios e na páxina Web municipal.

De igual xeito, o tribunal acorda fixar como nova data para a realización do **segundo exercicio o martes 29 de abril de 2014, ás 10:00 horas da mañá no Centro de Convivencia de Fingoi, sito na ronda de Fingoi, 72** (entrada pola rúa Aviación Española).

O Secretario do Tribunal  
José Antonio Carro Asorey  
15 de abril de 2014